



Día de celebración para os avogados

Os avogados lucenses cumpriron, un ano máis, coa tradición e celebraron a festividade do seu patrón, San Raimundo de Peñafort, con diversos actos que, desta volta, incluíron tamén unha homenaxe ao seu compañeiro César Torres Díaz. Este profesional recibiu a medalla de ouro polos seus 40 anos no exercicio da profesión. A programación da xornada deu comezo coa intervención do decano do Colexio de Avogados de Lugo, Félix Mondelo Santos que, precisamente, foi o encargado de entregar dita medalla ao seu colega de profesión. O acto contou tamén coa intervención de Victoria Ortega Benito, presidenta do **Consejo**

General de la Abogacía Española, e a presenza do presidente do Consello da Abogacía Galega, Evaristo Nogueira Pol, e do secretario xeral do **Consejo General de la Abogacía Española**, Ramón Jáudenes López de Castro. Tralo acto na sede do colexio, celebrouse un cóctel nos xardíns da Deputación Provincial que estivo moi concorrido. Os avogados lucenses estiveron acompañados tamén por representantes da xudicatura, da vida política e das forzas e corpos de seguridade da provincia de Lugo. Ali estaban, entre outras personalidades, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o subdelegado do Goberno, Ramón Carballo. A festa de San Raimundo de Peñafort rematou cunha cea-baile, que tivo lugar no restaurante Nadela 50. Fotos de **Pepe Tejero**.

